

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2012**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e dous de febreiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 15 de febreiro de 2012.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase exceptuar do cumprimento das condicións nhv-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo decreto 29/2010, do 4 de marzo, solicitada para a actuación de instalación dun ascensor en edificio con licenza número 721/83, sito na rúa Camiño de Pipín, número 11.

Así mesmo, acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición de vivenda unifamiliar e piscina en solo rústico, parcela 183, polígono 140, Argonde, San Xoán do Campo; para a rehabilitación de alpendre para uso de garaxe, vinculado ao uso residencial, con demolición parcial del, situado no núcleo rural tradicional de Piñeiro, número 1, parroquia de Santa M.<sup>a</sup> de Muxa; para construír unha vivenda unifamiliar, composta de planta soto, baixa e alta, na parcela 2, no núcleo rural tradicional de Vilaestévez, parroquia de San Soán do Alto; para construír unha vivenda unifamiliar composta de planta soto, baixa e alta, na parcela 3, no núcleo rural tradicional de Vilaestévez, parroquia de San Xoán do Alto; para construír unha vivenda unifamiliar composta de planta baixa, alta e baixo cuberta, en solo urbano na rúa Río Eume, número 16; para instalación de ascensor no edificio con licenza número 387/79, sito en solo urbano, na rúa Río Cabe, número 46; para modificacións estruturais, de saneamento e recheo de ocos correspondentes ás escavacións arqueolóxicas no edificio en construción con licenza anterior número 1585/08 de

reestruturación total, por cambio no programa de usos, de edificio composto de planta baixa para local sen uso e dúas plantas altas para unha vivenda e un estudo en cada unha e aproveitamento baixo cuberta para unha vivenda, total 3 vivendas e 2 estudos, sendo a localización da obra en solo urbano, rúa do Miño, número 23; para instalación de ascensor con redución da superficie das vivendas existentes no edificio sito en solo urbano, na rúa Montevideo, 29; para desvinculación de dúas prazas de garaxe, sitas na planta baixa do edificio con licenzas números 613/01, sito na rúa Camiño Verde, número 28, para vinculalas unha no entresollado do edificio con licenza número 217/02, sito na rúa Álvaro Gil, número 11, e outra na planta baixa do edificio con licenza número 694/03, sito na rúa Álvaro Gil, número 12; para rehabilitación e ampliación dunha planta no edificio sito en solo urbano na praza Campo Castelo, número 61; para a construción de vivenda unifamiliar illada, no núcleo rural tradicional do Cuco, parroquia de Santo André de Castro, en substitución da concedida con licenza número 1499/11; para a legalización de cubrición de terraza e ampliación de vivenda no edificio con licenza número 575/60, sito en solo urbano na rúa Doutor Ochoa, número 15 e para legalización de modificacións no edificio con licenza número 240/95, resultando planta baixa para portal, garaxe, rochos e instalacións, entresollado para uso da comunidade, planta primeira para uso de vivenda e planta baixo cuberta, espazo sen uso determinado, resultando en total unha vivenda, en solo urbano na rúa Luis Ameijide, número 20.

### **ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**2. PERSOAL.-** Acórdase aprobar a convocatoria e bases para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de Xefe do Corpo da Policía Local do Excmo. Concello de Lugo.

### **ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a autorización para o aproveitamento especial de varios espazos de dominio público municipal, na rúa San Marcos de Lugo, mediante a instalación de terrazas e cadeiras.

Acórdase a incoación de expediente para a incautación da garantía definitiva polo incumprimento de criterios de adxudicación do contrato para a realización das obras de ampliación da piscina cuberta e climatizada do parque da milagrosa (Fondo estatal de investimento local) 09FEIL77.

**ACTAS E GOBERNO**  
JACA/cvr  
Refª: 12extractoxg08.doc  
Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-2-2012

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:**

- Acórdase a aprobación do proxecto de obras de consolidación da vivenda do mestre da antiga escola rural de San Xoán do Alto (Lugo).

Lugo, 23de febreiro de 2012  
A CONCELLEIRA-SECRETARIA EN FUNCIÓNS,

Asdo.: María del Carmen Basadre Vázquez